



## Coanhadeira

Nace en Ourense no ano 2006 coa intención de amosar as fermosas melodías que nos vamos atopando a través da tradición oral da cultura galega.

Grazas á beleza das melodías tradicionais e aos seus directos cargados de forza, esta banda acadou numerosos galardóns e camiñou sobre moitos dos principais escenarios galegos e de Europa, como o Festival de Pardiñas (Galicia), A Carballeira de Zas (Galicia), o Escenario Runas do Festival Intercéltico de Ortigueira (Galicia), festival da Rebusca (Galicia), Sauga Folk (Colindres, Cantabria), Trobada de Buners (Andorra) ou o Festival Interceltique de L'Orion (Francia), As Nosas Músicas (Couso) entre outros.

## Por que 7273?

7273 son os quilómetros cadrados da provincia de Ourense, provincia da que se nutre este 7273, así como tamén as nosas vidas, as nosas tradicións, os xeitos e as maneiras de facer... a sinxeleza da paz do interior, ese grande esquecido. Dende as chairas Limiás ata os cumios do Macizo Central Ourenán... iso é 7273

Aspiramos neste 7273 facer as nosas propias paradas nalgúns dos lugares ourensáns que nos inspiraron neste longo percorrido, fermosas historias ou sons ou personas ou pobos ou bailes ou... o que vos pete, porque diso vai o noso 7273 de disfrutar da pedra, da auga, da montaña, do que vos inspire.

Con este 7273 convidámosvos a coñecer máis o noso interior, pero pouco a pouco, pinguiña a pinguiña.





## Traballos discográficos

HAIQUE. Ano 2009

PO. Ano 2010

BICOS CON LUVAS. Ano 2015

7273. Ano 2024

## Compoñentes

Jesús Pérez, *Chechu*: gaitas e zanfona

Marcos Pérez, *Kinhos*: batería e percusións

Patricia López: voz e percusións

Vadim Yukhnevich: acordeón

Oscar Freire: saxo soprano e tenor

Rafa Morales: baixo

## Contratación

☎ 639 444 426. Óscar

✉ [contacto@coanhadeira.com](mailto:contacto@coanhadeira.com)

## Onde podes atoparnos

📘 coanhadeira

📷 coanhadeira\_7273

## Estamos inscritas...

Rede de Auditorios Provincial de Ourense

Rede Galega de Teatro e Auditorios

Rede Galega de Música ao Vivo

Rede Cultura no Camiño (CNC)

## Multimedia



🎵 Ganceiros



🎵 Xirazga